

FINDE XUVENIL

Programa TDI (Todos Deben Involucrarse) 2017.

DATA DE ACTIVIDADE: Finde, do 29 de setembro (venres, pola tarde) ó 1 de outubro (domingo) de 2017.

LUGAR: Illa de San Simón (Redondela – Pontevedra)

SOLICITUDES: Dende o luns 4 ó mércores 13 setembro de 2017, ás 1330 horas. Nos Rexistros Municipais. Se o presentas noutra administración debes enviarnos unha copia por fax ou correo electrónico. Despois de enviar dita comunicación chamanos por teléfono para comprobar a súa recepción.

PAZAS E DESTINATARIOS: Hai 33 prazas, que se repartirán do seguinte xeito: 6 para membros de AAXX de Cambre, 3 pax para correspondentes xuvenís e 24 pax para o resto de mozos/as en xeral de 14 a 30/35 anos, interesados en aportar ideas para a programación do 2018

TELÉFONO DURANTE A ACTIVIDADE: 609 510 331

PROGRAMA XERAL VENRES POLA TARDE	DIA 29/09,	DIA 30/09 SÁBADO	DÍA 1/10, DOMINGO
-		Propostas para o 2017 – I	Actividade en San Simón
-		Actividade en San Simón	Conclusións do finde
-		Xantar	Xantar
Recollida de participantes en Cambre		Propostas para o 2017 - II	Paseo en barco pola enseada de San Simón
Descuberta pola Illa.		Cea	Visita Museo Meirande
Valoración dos programas 2017		Velada	Regreso a Cambre

O FINDE XUVENIL: A idea básica do FINDE é que a túa opinión importa. O finde xuvenil é un foro xuvenil (con varias xuntanzas) con actividades de diversa índole (xogos e dinámicas e, con actividade náutica). Trátase de poñer en común ideas, suxestións e propoñer cousas, valorar outras e, por parte do Concello, escoitar as vosas opinións e valoracións das actividades e programas que estamos a celebrar neste ano 2017 e recoller ideas para a programación do 2018. Como extra, para facer máis levadeiros os foros e a fin de semana, disfrutaremos da nosa estancia na illa de san Simón e de actividades náuticas. Alí faremos actividades coma tirolina, paintball, kaiak ou ruta en bici, que seguro que serán do gusto de todos.

LUGAR E HORA DE SAÍDA:(Servizo de recollida en autocar) o sábado 1 de outubro

Temple (Casa Xuventude)	17:45
Urb. A Barcala (Rotonda)	17:50
Cambre (diante Concello)	18:00
Pravio (cerca Cruceiro)	18:10
Cecebre (Apeadeiro)	18:15

LUGAR E HORA DE CHEGADA: mesmas paradas. aprox. 19,00-20,00 horas. O domingo 1 de outubro

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: náuticas

INSCRICIÓN DEFINITIVA: Os que obtiveron praza no sorteo teñen ata o mércores, día 20 de setembro, para renunciar á praza, (hora límite: ata as 14 horas)

Lista de espera – podería chamarse xente a partir do día 21 de setembro, xoves, en horario de 10 a 14 horas. Por favor, a mocidade en lista de espera (ou os seus maiores) deberán estar pendentes da chamada que poidan recibir da OMIX no caso que haxa prazas libres. O/os teléfono/s ó/s que se chamará/n será/n o/s que conste/n na solicitude. Cando se chame a alguén da lista de espera (máximo 3 chamadas a diferentes horas) éste disporá dun máximo de 24 horas para aceptar/renunciar á praza. Pasado ese tempo entenderase automaticamente aceptada.



- **ATENCIÓN:** xoves, 14 de setembro: Publicación do listado de solicitudes. Debes comprobar que apareces no listado de solicitudes ou que os datos son os correctos. Poderás velos nos taboeiros da OMIX, nos da Casa da Xuventude ou na aplicación OMIX Cambre.
- **IMPORTANTE:** Sorteo público (se hai mais solicitudes que prazas), o venres 15 de setembro, ás 13 horas, na OMIX (Cambre).

A renuncia á praza do finde xuvenil farase ben en persoa (na OMIX ou na Casa da Xuventude), ben por correo electrónico no seguinte enderezo: actividades.omix@cambre.org

LEMBRA: Terán prioridade, no caso de sorteo, as solicitudes dos usuarios que nunca foron ó finde xuvenil. Se é a primeira vez que participas nunha actividade da OMIX debes entregar coa documentación o FIPAX (unha vez que obtiveches a praza para o finde)

EQUIPACIÓN E MATERIAL RECOMENDADO: traxe de baño, chanclas, toalla de praia e de aseo, crema protectora, roupa que se poida manchar para xogar e roupa cómoda para as actividades, tamén roupa de abrigo para a noite, mudas para poder cambiarte, útiles de aseo (toalla e neceser con xel, champú, xabón, cepillo e pasta de dentes, desodorante, etc...). Hai que levar o saco de durmir.

XUNTANZA INFORMATIVA: para calquera dúbida que teñas o **mércores 27 de setembro, ás 20,00 horas, na Casa da Xuventude**, temos unha reunión.

PREZO: actividade gratuita

A ACTIVIDADE INCLÚE: transporte (terrestre e marítimo), aloxamento con pensión completa, actividades, participación nas xuntanzas do finde.

+INFO E INSCRICIÓNS DEFINITIVAS

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS DEFINITIVAS		
OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) Rúa Wencesaló Fdez. Florez s/n CAMBRE	Cambre 981.613.170	omix@cambre.org infoxuvenil@cambre.org
CASA DA XUVENTUDE (Casa das Palmeiras) Rúa Tapia 1. O TEMPLE	O Temple 981.650.269	pixtemple@cambre.org
AS SOLICITUDES DEBEN ENTREGARSE NO REXISTRO MUNICIPAL (Cambre, O Temple, Barcala)		

NORMAS PARA PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES XUVENÍS

1. Atender e respectar as indicacións dos responsables da actividade (persoal municipal, organización, monitores). Aceptar os consellos, instrucións e advertencias do persoal técnico da actividade.
2. Respectar ós outros participantes e ó entorno
3. Lembra que vas nunha actividade organizada. Hai normas e responsables. Ademais, como parte da actividade, podería tocarche traballar nas tarefas de servizo ó grupo e de apoio á organización. Colabora sempre que poidas ou cho pidan, para o mellor desenvolvemento da actividade
4. Ten un comportamento axeitado. Pertences a un grupo e o teu comportamento dá unha imaxe do grupo que pode representarnos.
5. Non está permitido o consumo de drogas durante a actividade.
6. Nos desprazamentos para a actividade, no medio de transporte (bus, avión, barco, tren) debes acatar as normas de réxime interno que se estipulen.
7. Adecuar a vestimenta e a equipación individual á actividade na que vas participar
8. Manter un comportamento axeitado que non perturbe os dereitos do resto de participantes, nin cause danos a bens alleos.
9. Respecto escrupuloso polas normas de réxime interno do aloxamento.
10. A participación no programa supón a aceptación das presentes normas. O non cumprimento das mesmas podería dar lugar a (auto)expulsión da actividade e/ou a limitación á participación en futuras actividades do departamento de Xuventude.